



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental

San Lázaro s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA

galicia

Alcalde do Concello de Oleiros

Praza de Galicia, 1
15173 Oleiros (A Coruña)

REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REGISTRO DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
SANTIAGO DE COMPOSTELA

SAÍDA 7358 / RX 919412

Data: 08/07/2015 11:01:22



AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA. REMISIÓN DO INFORME AMBIENTAL ESTRÁTEXICO

Nome do plan: Plan parcial do sector de solo urbanizable delimitado SUD-5 Icaria IV (Oleiros)

Promotor: Freixo y Ameneiro, SL

Órgano substantivo: Concello de Oleiros

Expediente: 2015AAE1787

Código web: 1708/2015

Achégolle unha copia compulsada da Resolución da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental pola que se formula o informe ambiental estratéxico relativo ó Plan parcial do sector de solo urbanizable delimitado SUD-5 Icaria IV, Concello de Oleiros, promovido por Freixo y Ameneiro, S.L.

Remítense tamén unha copia dos comentarios e informes recibidos durante o período de consultas ao que se someteu o documento ambiental estratéxico e o borrador do Plan e que corresponden aos seguintes organismos:

- Instituto de Estudos do Territorio

Santiago de Compostela, 26 de xuño de 2015

Carlos Calzadilla Bouzón

Subdirector xeral de Avaliación Ambiental



CORRED CERTIFICADO COU ACUSE
DE RECIBO DO DIA 10/07/2015



RESOLUCIÓN DO 29 DE XUÑO DE 2015 POLA QUE SE FORMULA O INFORME AMBIENTAL
ESTRATÉXICO DO PLAN PARCIAL ICARIA IV, NO CONCELLO DE OLEIROS, PROMOVIDO POR
FREIXO Y AMENEIRO, S.L. (expediente 2015AAE1787, código web 1708/2015)

O Servizo de Avaliación Ambiental, da Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental, formulou a proposta que a continuación se transcribe:

ANTECEDENTES

1. O día 18.03.2015 recibiuense na Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental un escrito do alcalde do Concello de Oleiros no que comunicaba o inicio da tramitación do "Plan parcial do sector de solo urbanizable delimitado SUD-5 Icaria IV" e solicitaba iniciar o procedemento ambiental correspondente, para o que achegaba un documento ambiental estratéxico.
2. O 19.03.2015 comunicouse ao Concello de Oleiros que debía requerir ao promotor o borrador do plan, conforme co esixido no artigo 29 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental. O 29.04.2015 recibiuense a documentación completa.
3. O 30.04.2015 esta Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental iniciou un período de consulta pública da documentación do Plan parcial a través da páxina web, o cal finalizou o 25.06.2015. Ao mesmo tempo consultouse aos membros do Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e a outras administracións públicas.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS


1. A Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, establece o réxime xurídico que regula a avaliación ambiental estratéxica de plans e programas.
2. A sección 2ª do título II desta Lei 21/2013 regula o procedemento simplificado de avaliación ambiental estratéxica. O órgano ambiental debe someter o borrador do plan e o documento ambiental estratéxico a consultas das administracións afectadas e das persoas interesadas (artigo 30); tendo en conta o resultado das consultas realizadas e de conformidade cos criterios establecidos no anexo V, emitirá o informe ambiental estratéxico (artigo 31).
3. A Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental é o órgano ambiental competente para tramitar os procedementos administrativos en materia de avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente, segundo o Decreto 44/2012, do 19 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS

1. Características do plan

Ámbito de actuación: sector de solo urbanizable delimitado e identificado no PXOM¹ como SUD-5 "Icaria IV". O sector ten imputado o sistema xeral exterior "Parque Metropolitano de Lians (ZV-5)"

Superficie do ámbito: 62.874 m² (6,29 ha)



¹ Aprobado definitivamente, de forma parcial, o día 11.03.2009.





Obxecto e proposta: Ordenar urbanisticamente o ámbito para uso residencial (tipoloxía de vivenda colectiva e unifamiliar) e terciario, así como completar a trama viaria e as zonas verdes exteriores, conforme coas determinacións establecidas no PXOM. Nas zonas reservadas para os espazos libres e zonas verdes manterase a masa arbórea existente respectando as árbores de maior porte.

2. Características ambientais da área probablemente afectada

O Concello de Oleiros está situado nas proximidades da cidade da Coruña. O ámbito de actuación atópase no suroeste do municipio, a carón do núcleo urbano de Perillo, nun entorno completamente antropizado e urbanizado no que predominan os usos residenciais e terciarios. Dous viarios próximos ao ámbito, ao norte a estrada que vai a Oleiros e ao sur a estrada nacional N-VI, soportan os principais fluxos de tráfico na zona.

O ámbito do Plan está inserido na área continua de *ordenación litoral* do Plan de ordenación do litoral (POL) de Galicia. Conforme co artigo 98 da Normativa do POL, o solo poderá adaptarse de xeito voluntario aos criterios, principios e normas xerais que establece o POL en función do seu grao de compatibilidade. O sector SUD-5 ten asignado un grao de compatibilidade 2, é dicir, as súas determinacións son adaptables coas do POL mediante a incorporación dos criterios e normas recollidos no anexo² correspondente.

O terreo do ámbito ten unha lixeira pendente orientada ao suroeste. Case un terzo da superficie está ocupada por masa arborada autóctona de gran porte, na que predomina o ameixeiro (*Alnus glutinosa*). Non existe no ámbito ningún curso de auga superficial, nin elementos de especial interese patrimonial.

Polo interior do ámbito ou polas proximidades discorren as redes de servizos xerais necesarios para o desenvolvemento previsto (abastecemento e saneamento de auga, electricidade, alumeadoo público, telecomunicacións, gas). Segundo o indicado no documento ambiental estratéxico, tras consultar coas diferentes empresas subministradoras e cos servizos técnicos municipais, considéranse as infraestruturas existentes suficientes.

2. Período de exposición pública e consultas previas

A Dirección Xeral de Produción Agropecuaria e o Servizo de Montes da Coruña informaron de que non tiñan alegacións niñ observacións que fazer ao Plan. O Instituto de Estudos do Territorio manifestou que o novo desenvolvemento urbanístico, segundo o lan presentado, terá impactos paisaxísticos positivos na contorna na que se insire.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
ESTUDIO AMBIENTAL
ESTRATÉXICO
Aprobación do Estudio Ambiental Estratégico que a presenta:
Santiago, 08/XII/2015

² As fichas de adaptación son orientativas para os concellos adaptados á LOUG, e a súa aplicación é voluntaria.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental

San Lázaro s/n
15781 Santiago de Compostela

galicia

3. Efectos ambientais previsibles. Análise segundo os criterios do anexo V da Lei 21/2013

Con este Plan parcial preténdese establecer a ordenación urbanística detallada dun ámbito para uso residencial e terciario, de acordo coas previsións do PXOM.

O Plan non establece un marco para a futura autorización de proxectos, nin inflúe noutros plans ou programas, nin se considera pertinente para a integración de consideracións ambientais nin para a implantación da lexislación en materia de medio ambiente. Os efectos ambientais previstos non son significativos.

PROPOSTA

Considerando o indicado nos apartados anteriores, e segundo os criterios do anexo V da Lei 21/2013 de avaliación ambiental, propoño non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria o "Plan parcial do sector de solo urbanizable delimitado SUD-5 Icaria IV".

Santiago de Compostela, 29 de xuño de 2015

A xefa do Servizo de Avaliación Ambiental

Margarita Segade Castro



Conforme:

O subdirector de Avaliación Ambiental

Carlos Calzadilla Bouzón

RESOLUCIÓN

Tendo en conta a proposta anterior, resolvo non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria o "Plan parcial do sector de solo urbanizable delimitado SUD-5 Icaria IV", no Concello de Oleiros.

O informe ambiental estratéxico formuláse en cumprimento do disposto no artigo 31 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental. Farase público a través do *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (www.cmati.es); remitírase ao promotor e ao Concello de Oleiros para que o integre na tramitación do Plan parcial.

Esta resolución perderá a súa vixencia e cesará na produción dos efectos que lle son propios se, unha vez publicada no *Diario Oficial de Galicia*, non se aprueba o Plan no prazo máximo de catro anos dende a súa publicación.

Contra esta resolución non procederá recurso algúin, sen prexuízo dos que procedan en vía administrativa ou xudicial fronte ao acto, no seu caso, de aprobación do Plan parcial.

Santiago de Compostela, 29 de xuño de 2015

O secretario xeral de Calidade e Avaliación Ambiental



Justo de Benito Basanta



Santiago,

08 XULL. 2015



Informe ambiental estratéxico: Plan parcial do SUD-5 Icaria IV, no Concello de Oleiros
Expediente: 2015AAE1787

Asdo.: José Manuel Mirás Pulleiro
página 3 de 3



CONTESTACIÓN A CONSULTA NO PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA SIMPLIFICADA

Expediente IET: P_15_150

Plan ou programa: Plan Parcial do sector de solo urbanizable delimitado SUD-5 Icaria IV

Concello: Oleiros (A Coruña)

Promotor: Freixo y Armeneiro, SL

Expediente AAE: 2015AAE1787

A Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental somete a consulta do Instituto de Estudos do Territorio o documento de inicio do Plan parcial do sector de solo urbanizable delimitado SUD-5 Icaria IV de Oleiros, no marco do procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada, de conformidade coa Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

En virtude do punto dous da disposición adicional segunda do Decreto 244/2011, do 29 de decembro, polo que se aproban os estatutos do organismo autónomo Instituto de Estudos do Territorio, e do artigo 13 do Decreto 44/2012, do 19 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, o Instituto de Estudos do Territorio asume as competencias en materia de paisaxe, as cales encádranse no marco da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia.

O obxectivo principal do Plan parcial do sector de solo urbanizable delimitado SUD-5 Icaria IV, é o remate da urbanización dunha bolsa de solo urbano xa contemplada no PXOM de Oleiros aprobado definitivamente de xeito parcial o 11 de marzo de 2009.

O SUD-5 sitúase no entorno do núcleo urbano do Perillo, nunha contorna altamente antropizada, ocupada por vivendas colectivas, unifamiliares, moitas delas agrupadas en urbanizacións, e por espazos comerciais e industriais desenvolvidos ao longo da N-VI. O espazo denominado como SUD-5 ocupa unha superficie de 62.874 m², principalmente está ocupado por unha masa de árbores, matogueira e prados na que rematan algunas vías de comunicación sen xeito de continuidade.

O Plan contempla a continuidade da trama viaria existente xerando un novo bulevar, os espazos residenciais serán de vivendas unifamiliares con tipoloxía de cidade xardín e vivenda colectiva na área na que é mais abundante este tipo de vivenda, reservando zonas de espazos verdes e de uso terciario.

Segundo o Plan a tipoloxía das vivendas acomodarase o xa existente na zona, o trazado viario e os espazos de uso libre e zonas verdes adaptaranse a topografía do terreo. Nos espazos verdes manteranse as árbores de alto porte existentes na actualidade e no caso de plantar nova vexetación será autóctona.

DATA: 200
COMPOSTELA
12/14/2018



Tendo en conta as características actuais do sector denominado SUD-5, e do espazo que o bordea, o novo desenrolo urbanístico segundo o Plan presentado terá impactos paisaxísticos significativos positivos dentro da contorna na que se insire.

Santiago de Compostela, 23 de xuño de 2015

O xefe do Servizo de Planificación da Paisaxe


José Luís Álvarez Vicente


O director do Departamento Técnico de Estudos


Alfredo Fernández Ríos



Visto e conforme,

A directora do Instituto de Estudos do Territorio


Inés Santé Riveira